

O CONSELLO DE MINISTROS CESA A SECRETARIA DE ESTADO DE FUNCIÓN PÚBLICA

O CESE DA SECRETARIA DE ESTADO CLARA MAPELLI NON SOLUCIONA O CAOS EN FUNCIÓN PÚBLICA

O cese da Secretaria de Estado de Función Pública, **Clara Mapelli**, por parte do ministro Óscar López, este martes 22 de outubro no Consello de Ministros é unha nova mostra da desorganización e falta de rumbo que sofre o Ministerio. En sete anos de goberno, Pedro Sánchez leva **seis ministros distintos** e ningunha política seria para recuperar dereitos nin mellorar as condicións do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.

A deriva de Función Pública é evidente: unha lexislatura sen orzamentos, **ofertas de emprego público que manteñen a taxa de reposición**, procesos selectivos interminables, plantillas envellecidas, perda continuada de poder adquisitivo, incumprimento do **IV Convenio Único (CUAGE)** e ausencia total dun **acordo retributivo xusto, etc.** Mentres tanto, seguen externalizando servizos e degradando o emprego público.

Desde a **CIG-Admon do Estado** levamos tempo denunciando que o deterioro da Función Pública non se resolve con cambios de cargos, este cese non resolve nada. O problema non é de nomes, senón de política. Non hai vontade real de negociación, nin compromiso cunha administración moderna, profesional e con dereitos, con políticas que recuperen dereitos, impulsen o relevo xeracional, melloren as condicións laborais e garantan servizos públicos de calidade para toda a cidadanía. Mentres iso non aconteza, cada cesamento será só outro síntoma máis dun **Ministerio sen norte** e dun Goberno que fala de modernización pero practica a improvisación.

Exiximos ao Ministro que poña fin á improvisación, que sente a negociar en serio coas organizacións sindicais. A recuperación do emprego público, o reforzo dos servizos e a dignificación das condicións laborais deben ser **prioridades reais, non simples discursos.**

Galiza, 23 de outubro do 2025